



## RESOLUCIÓN

I. Segundo a lexislación vixente en materia de lingua tanto a Constitución española, como a Lei 3/1983 de normalización lingüística e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia recollen a obriga das administracións locais no proceso de normalización lingüística.

Así mesmo, o Estatuto de Autonomía de Galicia recolle que as administracións locais teñen atribuídas competencias en materia de lingua galega, correspondéndolle garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciando o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

O novo informe da Real Academia Galega (RAG) sobre *Lingua e sociedade en Galicia 1992-2016* insiste na perda progresiva de galegofalantes, especialmente entre a xente máis nova.

O Servizo de Normalización Lingüística municipal ten como obxectivos principais promover o uso da lingua e facilitar espazos de uso, así como organizar actividades para conseguir os ditos obxectivos. Debido á falta de transmisión interxeracional do galego e que o sector da infancia e mocidade é o máis desgaleguizado a Administración debe actuar para mudar este problema programando actividades e fornecendo de recursos este sector da poboación. Neste sentido, consideramos necesario prestar especial atención a aqueles ámbitos en que a mocidade máis se comunica hoxe en día, co obxectivo de empatizar e achegar propostas que poidan chamar a súa atención e, así, lograr a súa implicación ao tempo que se promove un uso da lingua galega nos ámbitos de maior influencia nesa franxa de idade.

II. Segundo os últimos estudos TikTok é, actualmente, a segunda rede social máis usada na actualidade despois de Instagram e, por tanto, tórnase necesaria a visibilización e a normalización da lingua galega neste medio no que se encontra practicamente en desuso. Como apuntou a xornalista María Yáñez, a pesar de que nesta rede existen vídeos en lingua galega, o certo é que a maioría dos usuarios e usuarias “comunican para a esfera en castelán, non hai aínda unha comunidade de contido en galego coma noutras redes sociais”.

Deste modo, o Concello de Oleiros lanza o I Premio de TikTok cos seguintes obxectivos:

- Estimular a creatividade entre a mocidade.
- Animar á creación de contidos en lingua galega con novos formatos.
- Contribuír á creación dunha comunidade galega en TikTok afastada de tópicos e estereotipos.
- Fomentar o uso oral e escrito da lingua galega.
- Estudar e traballar a literatura galega desde novas ópticas.

Xa que logo, a acción consistiría en lanzar un concurso entre o alumnado de secundaria e bacharelato dos diferentes centros do Concello de Oleiros para animar a mocidade a crear contidos en lingua galega nunha das plataformas máis populares na actualidade. Estableceranse tres categorías, correspondentes cada unha delas aos distintos niveis educativos de secundaria, e dous premios para cada unha delas (un do público e outro do xurado) consistentes en artigos electrónicos.



III. A técnica de normalización lingüística do Concello emitíu informe en data 3 de marzo de 2021 no que se recollen estas circunstancias e se propón a aprobación da convocatoria do Premio sinalado.

IV. O expediente foi informado favorablemente pola Asesora Xurídica da área o 11/03/2021, e polo Interventor Municipal o 12/03/2021.

Polo exposto, en virtude das facultades que me atribúe o artigo 3 da “Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a convocatoria do I Premio TikTok do Concello de Oleiros, que é como segue:

#### ***I Premio TikTok do Concello de Oleiros***

*O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros convoca o I Premio TikTok, unha proposta que pretende estimular a creatividade entre a mocidade, animar á creación de vídeos en lingua galega con novos formatos e contribuír á creación dunha comunidade galega en TikTok afastada de tópicos e estereotipos.*

#### ***1. Participantes e categorías***

*Poderán concorrer a este premio todos os rapaces e rapazas da ESO e bacharelato escolarizados/as no Concello de Oleiros de xeito individual sempre que as súas videocreacións se axusten ao especificado nestas bases.*

*Establécense tres categorías atendendo ao curso ao que pertenza cada participante:*

- Categoría 1: 1º e 2º de ESO*
- Categoría 2: 3º e 4º de ESO*
- Categoría 3: 1º e 2º de Bacharelato*

#### ***2. Vídeos: temática e características***

*A lingua na que se realizarán os vídeos será o galego tanto no seu uso oral, como escrito. Os vídeos deben ser de creación propia, realizados través da aplicación TikTok e a súa temática será a literatura galega. A duración de cada peza será dun máximo de 1 minuto e valorarase, ante todo, a súa orixinalidade. Non se admitirán vídeos que promovan unha mensaxe violenta, denigrante, ofensiva ou discriminatoria.*

#### ***3. Prazos e inscricións***

*O prazo de inscrición comezará o día 26 de marzo e rematará o 26 de abril.*

*Para inscribirse no certame deberase enviar ao correo electrónico [lingua@oleiros.org](mailto:lingua@oleiros.org) a seguinte documentación:*





- ✓ *Ficha de participación (incluída como anexo da presente convocatoria) cuberta, asinada e acompañada dos documentos nela indicados.*
- ✓ *Vídeo co que se desexa participar.*

*Todas as pezas admitidas serán publicadas na conta de Instagram das Casas da xuventude do Concello de Oleiros @xuvelecer co cancelo #tiktokoleiros.*

#### **4. Composición do xurado**

*O xurado estará formado por persoal do Concello relacionado coa cultura, a lingua e poderá contar co apoio de persoas especializadas.*

*Presidenta: concelleira delegada de Cultura e Normalización Lingüística*

*Secretaria: técnica de Normalización Lingüística*

*Vogais: unha persoa especializada en lingua e literatura galegas e igualdade.*

#### **5. Procedemento e fallo**

*Unha vez pechado o prazo de recepción dos vídeos participantes, o xurado procederá a unha fase de pre-selección para comprobar se cada unha das videocreacións se axusta aos requisitos establecidos nas presentes bases.*

*Os vídeos admitidos nesta primeira fase de pre-selección, cuxo obxectivo non será outro que a comprobación de que ningún dos vídeos contén mensaxes violentas, denigrantes, ofensivas ou discriminatorias, publicaranse na conta de Instagram @xuvelecer para animar o voto do público nos prazos indicados.*

*O fallo será inapelable e farase público no mes de abril de 2021.*

#### **6. Premio**

*O premio establece seis premios (dous en cada categoría):*

- ✓ *Premio do público: o vídeo que consiga máis “gústame” no perfil de Instagram @xuvelecer recibirá unha pulseira intelixente (Smart Band).  
O prazo de votación para determinar os premios do público será entre 3 e o 13 de maio.  
Para poder votar será necesario ser seguidor/a da conta de Instagram @xuvelecer.*
- ✓ *Premio do xurado: o vídeo mellor valorado polo xurado recibirá uns auriculares sen fíos.*

*Os premios entregaranse, se a situación sanitaria o permite, nun acto público que terá lugar no mes de maio de 2021.*

#### **7. Aceptación das bases**

*A presentación a este concurso supón a aceptación das presentes bases.*



## 8. Protección de datos

De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria, cuxo tratamento e publicación autoricen os pais, nais e titores/as legais das persoas interesadas mediante a presentación das súas obras, serán tratados co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. Así mesmo, tanto os nomes das persoas gañadoras como as súas creacións serán publicados na páxina web municipal e incorporados na Base de Datos Nacional de Subvencións.

No caso de querer rectificar ou cancelar os ditos datos poderanse poñer en contacto co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: rúa do Inglés, 13, Perillo, CP 15172, Oleiros.

**Segundo.-** Aprobado o seguinte formulario de inscrición:

<b>Formulario de inscrición no I Premio TikTok</b>	
Cando as persoas participantes sexan menores de idade, será o/a representante legal quen deba cubrir e asinar este formulario.	
<b>Datos da persoa participante:</b>	
Nome e apelidos:	DNI:
Data de nacemento:	Teléfono:
Correo electrónico:	
Enderezo postal:	
Título do vídeo:	
<b>Datos da persoa representante, se o/a participante for menor de idade:</b>	
Nome e apelidos (nai, pai ou titor/a):	
DNI:	Teléfono:
Correo electrónico:	
A persoa representante constará como beneficiaria para os efectos tributarios no caso de recibir algún premio.	
A persoa interesada, no caso de ser maior de idade, ou o/a representante legal, se é o caso, nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, manifesta, baixo a súa responsabilidade:	
<ol style="list-style-type: none"><li>1. Que coñece e acepta todo o recollido nas bases do certame.</li><li>2. Que acepta e autoriza a súa participación no certame ou a da persoa menor de idade que legalmente representa.</li><li>3. Que autoriza a publicación do vídeo participante xunto co nome do/a autor/a nas canles do Concello de Oleiros e particularmente na conta de Instagram @xuvelecer</li></ol>	
Asdo.:	
(Sinatura da persoa participante ou do/da representante legal, no caso de ser menor de idade).	
Xunto con esta ficha, cuberta e asinada, debe achegarse a seguinte documentación:	
<ul style="list-style-type: none"><li>- Copia do DNI da persoa participante e do/da representante legal, se for o caso.</li><li>- Copia do libro de familia ou outra documentación que acredite a representación (só no caso das persoas menores de idade).</li></ul>	





CONCELLO DE  
OLEIROS

>> CULTURA E NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

**3º.-** Autorizar un gasto de 800 euros para esta fin.

**4º.-** Dar publicidade á presente convocatoria mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a través da BDNS. Asemade, publicala na páxina web municipal e enviala aos centros de ensino.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

